



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE ATENCIÓN PROFESIONAL A PERSOAS MENORES DE IDADE VÍTIMAS DE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA, DE ACOSO ESCOLAR E DE CIBERACOSO.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que se poida acadar a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, que seguirá sendo de aplicación ata o desenvolvemento da nova estrutura, a cal será determinada polo Consello da Xunta tal e como se indica na disposición derradeira primeira do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, de igual modo que tamén se refire a subsistencia da estrutura e das funcións dos órganos superiores e de dirección na súa disposición transitoria.

O Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de avogados da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 130/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias que o Consello Xeral da Avogacía Española no ámbito territorial de Galicia. As súas competencias son, fundamentalmente, as que ten atribuídas o Consello Xeral da Avogacía Española, en todo canto teña ámbito ou repercusión soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre outras cuestións, de conformidade co disposto nos seus estatutos, ten competencia, entre outras, para fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación coa profesión de avogado, e colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio.

Antecedentes: A Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, aplicable a todos os menores de idade que se atopen no territorio español, con independencia da súa nacionalidade e da súa situación administrativa de residencia e ós menores de nacionalidade española no exterior nos termos do art. 51 da lei, establece como o seu obxectivo a protección das persoas menores de idade, a loita contra a violencia, a promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes consagrados na Convención sobre os Dereitos do Neno e asegurar e fomentar o respecto da súa dignidade humana e integridade física e psicolóxica previndo toda forma de violencia.





O art. 5 da referida Lei Orgánica recolle a necesidade de que as administracións públicas, dentro do ámbito das súas competencias, promovan e garantan a formación especializada, inicial e continua en materia de dereitos fundamentais da infancia e adolescencia ós/ás profesionais que teñan contacto habitual cas persoas menores de idade. No parágrafo 3º especifica que os colexios de avogados e procuradores facilitarán ós seus membros o acceso á formación específica sobre os aspectos materiais e procesuais da violencia sobre a infancia, tanto dende a perspectiva do Dereito interno como do Dereito da Unión Europea e Dereito Internacional, así como a programas de formación continua en materia de loita contra a violencia sobre a infancia e adolescencia.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 23 de novembro de 2023 o primeiro Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar con dous obxectivos fundamentais: por un lado abordar o problema do acoso escolar de maneira completa, e facer partícipes e responsables a todos os axentes que poidan ter relación cunha situación de acoso.

A aprobación desta nova estratexia evidencia o compromiso da Xunta de Galicia coa mellora e a adaptación ás novas necesidades e a reformulación de políticas de cooperación entre diferentes organismos. Neste marco inscríbese o Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.

Coa finalidade de garantir o dereito á defensa e a satisfacción dos honorarios dos profesionais que prestan a protección xurídica das persoas menores de idade no ámbito da loita contra a violencia e da promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, resulta conveniente articular, mediante un convenio, a necesaria asistencia e apoio económico con cargo ao orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza, e Deportes para lograr a maior eficacia posible na asignación de recursos económicos asociados a esa finalidade.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos. En ningún caso excederá o 31 de decembro de 2024.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, pois mediante este convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes prestará os medios adecuados ao Consello da Avogacía Galega para que se poidan desenvolver as actuacións profesionais dos avogados e avogadas que prestan a protección xurídica das persoas menores de idade no ámbito da loita contra a violencia, o acoso escolar e o ciberacoso, e da promoción dos dereitos dos



nenos, nenas e adolescentes, co rigor e garantía que esixe a lexislación española e internacional.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Consello da Avogacía Galega para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de violencia e, nomeadamente, de acoso escolar e ciberacoso, así como a formación dos avogados e avogadas nese ámbito, de maneira tal que estas vítimas dispoñan sempre dun avogado especializado que as asista en relación coa denuncia e asesoramento xurídico e acompañamento iniciais, e con independencia de que teña ou non recursos para litigar.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Que o art. 14 da Lei Orgánica 8/2021 reconece o dereito de asistencia xurídica gratuíta nos seguintes termos:

1. As persoas menores de idade vítimas de violencia teñen dereito á defensa e representación gratúitas por avogado e procurador de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.
2. Os Colexios de Avogados, cando esixan para o exercicio da quenda de oficio cursos de especialización, asegurarán unha formación específica en materia dos dereitos da infancia e a adolescencia, con especial atención á Convención sobre os Dereitos do Neno e as súas observacións xerais, debendo recibir, en todo caso, formación especializada en materia de violencia sobre a infancia e adolescencia.
3. Igualmente, os Colexios de Avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado ou letrada de oficio nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade e para asegurar a súa inmediata presenza e asistencia ás vítimas.
4. Os Colexios de Procuradores adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de procurador ou procuradora nos procedementos que se sigan por violencia contra menores de idade cando a vítima desexe comparecer como acusación particular.





5. O avogado ou avogada designado para a vítima terá tamén habilitación legal para a representación procesual daquela ata a designación do procurador ou procuradora, en tanto a vítima non se acudiu como acusación conforme ao disposto no apartado seguinte. Ata entón cumprirá o avogado ou avogada o deber de sinalización de domicilio a efectos de notificacións e traslados de documentos.
6. As persoas menores de idade vítimas de violencia poderán comparecer como acusación particular en calquera momento do procedemento aínda que iso non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa comparecencia, nin poderá supoñer unha diminución do dereito de defensa do acusado."

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Os sete colexios de avogados de Galicia son os encargados de dar cobertura a este dereito constitucional, actuando o Consello da Avogacía Galega como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento do servizo de asistencia xurídica e a quenda de oficio.

Financiamento: co fin de financiar as actividades descritas no convenio, o financiamento máximo é de TRINTA E TRES MIL EUROS (33.000,00 €). A mencionada cantidade imputaranse aos orzamentos de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2024 na aplicación orzamentaria 35.03.131A.481.0.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a compensar economicamente ao Consello da Avogacía Galega os gastos que deriven da execución deste convenio, do seguinte xeito:

- Atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia: ata un máximo de 15.000,00 €

Compensará con 180,00 € pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, o Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na





práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.

- Actuacións de formación específica en materia de asistencia a vítimas menores de idade e adolescentes: ata un máximo de 15.000,00 €.

O Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia, comprométese a poñer en marcha e desenvolver accións de formación específica para os avogados e avogadas colexiados en Galicia sobre atención a menores de idade e adolescentes vítimas de violencia, a través de cursos, seminarios, xornadas, conferencias, coloquios, etc.

- Ata un máximo de 3.000,00 € para a elaboración da programación e a execución do plan de formación dirixido ao persoal docente en Galicia no ámbito da prevención do acoso escolar e ciberacoso.

O Consello da Avogacía Galega comprométese a:

Organizar, en colaboración cos colexios de avogados de Galicia, as actividades de formación obxecto de convenio e achegar aos letrados designados as compensacións económicas transferidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para garantir a defensa xurídica e a tutela xudicial efectiva.

1. Remitir á Dirección Xeral de Xustiza, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período que se atopen nas situacións previstas no obxecto do presente convenio e as actuacións de formación dos colexiados desenvolvidas.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
3. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 10 de decembro de 2024.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert





DILIXENCIA para facer constar que:

- Na tramitación da autorización de gasto para o Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de atención profesional a persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia, de acoso escolar e de ciberacoso fíxose referencia á desagregación orzamentaria seguinte:

"Sexta. Xustificación e pagamento.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a compensar economicamente ao Consello da Avogacía Galega os gastos que deriven da execución deste convenio, do seguinte xeito:

- *Atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia: ata un máximo de 15.000,00 €.*

Compensará con 180,00 € pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, o Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.

- *Actuacións de formación específica en materia de asistencia a vítimas menores de idade e adolescentes: ata un máximo de 15.000,00 €.*

- *Ata un máximo de 3.000,00 € para a elaboración da programación e a execución do plan de formación dirixido ao persoal docente en Galicia no ámbito da prevención do acoso escolar e ciberacoso."*

Tal desagregación aparece na documentación que se achegou ao expediente, a saber: nas memorias xustificativa, económica e de imposibilidade de concorrencia pública, así coma no certificado de non incorrer en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no informe favorable da Asesoría Xurídica.

- Na sinatura do Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de atención profesional a persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia, de acoso escolar e de ciberacoso, a cláusula citada foi modificada do seguinte xeito:

"Sexta. Xustificación e pagamento.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a compensar economicamente ao Consello da Avogacía Galega os gastos que deriven da execución deste convenio, do seguinte xeito:





- *Atención xurídica ás persoas menores de idade vítimas de situacións de violencia: ata un máximo de 16.000,00 €.*

Compensará con 180,00 € pola atención xurídica á cada vítima. Para estes efectos, o Consello da Avogacía Galega, xunto coa documentación que achegue para a xustificación da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as atencións xurídicas realizadas, que inclúen, entre outras: o asesoramento xurídico e orientación iniciais; a asistencia legal na práctica das primeiras dilixencias e na interposición da denuncia, se for o caso; así como o acompañamento legal inicial ante o órgano policial ou xurisdiccional.

- *Actuacións de formación específica en materia de asistencia a vítimas menores de idade e adolescentes: ata un máximo de 16.000,00 €.*

- *Ata un máximo de 1.000,00 € para a elaboración da programación e a execución do plan de formación dirixido ao persoal docente en Galicia no ámbito da prevención do acoso escolar e ciberacoso."*

Polo tanto, nos documentos, memorias e informes que refiran a relación de cifras 15.000,00 €, 15.000,00 € e 3.000,00 € debe entenderse que se trata dos importes 16.000,00 €, 16.000,00 € e 1.000,00 €, en canto a contía total non se ve afectada (33.000,00 €).

En Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

**A subdirectora xeral de Medios
da Administración de Xustiza**

Raquel Romero Iglesias

Dirección Xeral de Xustiza
Rúa Madrid, 2-4 (2ª planta)
15781 Santiago de Compostela

